



## DESCRIPCIÓN DE RESULTADOS DE ACTIVIDADE

Descrición dos efectos, consecuencias e listaxe de documentos/accións que sexan resultado da execución dunha actividade incluíndo a súa avaliación.

Data escritura: 16/09/2019 + 17/09/2019

Persoas que escriben: Luqui e María

### Resultados obtidos

//describir que resultados foron obtidos tras a execución da actividade, tanto materiais como inmateriais

:: Serviu para que o Grupo Motor reforzara e **definira mellor os obxectivos do proxecto**. ver Papelógrafo 01

:: **Novas ideas e a incorporación de perspectivas** levadas á práctica ver Papelógrafo 02.

:: **Dispoñibilidade das poñentes para colaborar:**

Concha García, dende o arquivo Dixital de Galicia ofrece a posibilidade de facer unha formación máis específica ao grupo Motor así como a posibilidade de organizar co barrio unha visita ao arquivo e coñcere os materias que existan relacionados coa historia do barrio.

Dende Maos abren a posibilidade de colaboración naquilo que poidamos precisar deles. Podería ser un bo contacto de cara a definir/revisar proceso de entrevistas+formularios de rexistro.

Dende o colectivo do barrio de San Pedro ofrecen a posibilidade de empregar a súa ferramenta cartográfica e convidánnos a un encontro sobre Arte e Territorio que organizan no barrio en 3 semanas.

Tanto Serxio Lago como María Yañez ofrecen a súa asesoría e colaboración vía mail e o seu interese de seguir de cerca o proxecto.

:: Conexións con persoas convidadas: posible incorporación de novas persoas ao grupo motor e aos grupos de traballo.

Foron 5 as persoas que non forman parte do Grupo Motor que asistiron a este encontro. Dúas delas amosaron o seu interese en participar en actividades puntuais e outra delas na posibilidade de sumarse ao GM.

:: Os membros do grupo motor van definindo mellor as súas tarefas/perfiles con respecto ao proxecto así como incrementou a cohesión do relato/visión grupal do proxecto.

O exercicio de presentar o arquivo así como de imaxinar o proxecto en grupo tivo un impacto altamente positivo no grupo motor, case a práctica totalidade do grupo asistiu polo menos ao 50% das actividades.

:: Comunicación en medios. Sairon dúas notas de prensa e unha entrevista de radio no programa local da COPE. Tamén foi compartida esta nota en redes sociais.

:: Informe de Victoria.

Solicitouse á facilitadora un informe contendo a información así como unha avaliación do mesmo. A día de hoxe aínda estamos pendentes de recibilo.

:: Relato do evento

Tomáronse notas do encontro pero non se fixo unha transcripción e reflexión dos resultados.

### **Problemas detectados**

//describir que problemas xurdiron durante a execución da actividade, incluíndo os riscos previstos, e explicar como se tratou cada un

No proceso de convite dende o grupo motor a xente vinculada ao barrio atopáronse as seguintes dificultades:

:: As datas coincidiron co inicio do curso escolar sendo varias as persoas que escusaron asistencia por este motivo.

:: Podería ser que a información/comunicación non fora de todo clara.

### **Avaliación**

//describir os resultados da avaliación da actividade, usando os criterios e mecanismos previstos

Avaliación en termos dos parámetro definidos na ficha de descrición de actividade:

:: **Número de persoas asistentes** convidadas polo Grupo Motor do barrio ou con saberes necesarios para o proceso de posta en marcha.

O total de asistentes foi de:

Día 1: 8 poñentes, 7 persoas do grupo motor, 2 persoas do grupo promotor, 1 facilitadora, 2 persoas do grupo de seguimento, 3 persoas vinculadas ao barrio, 3 expertas máis.

Día 2: 6 poñentes, 7 persoas do grupo motor, 2 persoas do grupo promotor, 1 facilitadora, 1 persoa do grupo de seguimento, 2 persoas vinculadas ao barrio, 1 experto máis.

Total: 8 poñentes, 8 persoas do grupo motor, 2 persoas do grupo promotor, 1 facilitadora, 2 persoas do grupo de seguimento, 5 persoas vinculadas ao barrio, 4 expertas.

:: **Rexistro de ideas novidosas** para o desenvolvemento do arquivo

:: **Repercusións no proceso de toma de decisións e escritura do Plan de materialización do Arquivo**

Ademáis na reunión do grupo motor do 11/09/2019 se trata a avaliación como punto da orde do día. A avaliación corre a cargo de Victoria, e tamén o grupo de seguimento fai unha aportación\_resumo. Ver acta desde día. Ademais se envía un cuestionario para que cada membro do grupo responda.